

*Resolución do 14 de xaneiro de 2022, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproban as listas provisionais para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2021-2022 correspondente ao corpo de mestres (597), especialidades: 032- Lingua estranxeira: Inglés, 033- Lingua estranxeira: Francés, 034- Educación Física, 035- Música y 037- Audición e Linguaxe.*

Pola Resolución do 28 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, déuselle publicidade ao texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias (*Diario Oficial de Galicia* n.º 131, do 11 de xullo de 2017), que, no seu apartado segundo, establece a orde de prioridade no nomeamento do profesorado interino e substituto.

Logo de rematadas as fases de oposición e de concurso dos procedementos selectivos de acceso ao corpo de mestres, convocados pola Orde do 24 de febreiro de 2020 (*Diario Oficial de Galicia* do 13 de marzo), procede actualizar a lista de interinidades e substitucións correspondente ás especialidades convocadas: 032- *Lingua estranxeira: Inglés*, 033- *Lingua estranxeira: Francés*, 034- *Educación Física*, 035- *Música* y 037- *Audición e Linguaxe*, nos termos que establece a base vixésimo sexta da citada convocatoria.

Con base no que establece o punto segundo do apartado segundo do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995 e a base vixésimo sexta da citada Orde do 24 de febreiro de 2020,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar as listas provisionais para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2021-2022 correspondente ao corpo de mestres, *especialidades: 032- Lingua estranxeira: Inglés, 033- Lingua estranxeira: Francés, 034- Educación Física, 035- Música y 037- Audición e Linguaxe*, convocado pola Orde do 24 de febreiro de 2020, con dereito a incorporación á correspondente lista.

Segundo. Aprobar a relación provisional de persoas excluídas das listas indicadas no apartado anterior, polas causas que en cada caso se indica.

Terceiro. Ordenar a publicación das listas provisionais e das relacións provisionais de persoas excluídas no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade [www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal).





Cuarto. As persoas participantes nos procedementos selectivos convocados pola Orde do 24 de febreiro de 2020 con dereito a incorporación na correspondente lista poderán formular alegacións á lista provisional ante a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), utilizando o procedemento ED001A, opción “Alegacións” da instancia de matrícula no corpo e especialidade correspondente, ou mediante o impreso xenérico dispoñible no procedemento “PR004A”, no prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Quinto. Para o caso de que xurda a necesidade de cubrir interinidades ou substitucións con anterioridade á aprobación e publicación da lista definitiva, seguirase a orde de chamamentos establecida na lista provisional.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

